

## Política de Calidade da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2023)

*Comisión de Calidade da Facultade: 20/04/2023  
Xunta de Facultade: 21/04/2023*

A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

### Misión

A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ten como misión contribuir á formación integral de profesionais comprometidos coa saúde, o benestar e desenvolvemento psicolóxico e psicosocial das persoas e a comunidade, nun contorno académico que promova a xeración e a aplicación dos coñecementos da disciplina.

### Visión

Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por: a) desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para o seu estudantado e que dean resposta ás necesidades da sociedade e ás súas demandas nos ámbitos laboral e investigador; b) garantir as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, e c) render contas do investimento e a optimización dos seus recursos.

### Valores

A Facultade de Psicoloxía réxese polo compromiso cos seguintes principios éticos e profesionais:

- Responsabilidade cara ao estudantado e a sociedade, proporcionando unha formación dirixida á excelencia que cumpra coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade no seu conxunto.
- Compromiso co código deontolóxico profesional, promovendo o coñecemento e a utilización dos principios éticos que deben guiar as actuación académicas e profesionais da psicoloxía.
- Orientación cara á integración, a participación e a igualdade, prestando atención ás necesidades de todos os colectivos que conforman a Facultade, e garantindo a súa integración, participación e igualdade.
- Transparencia na xestión dos seus programas formativos e das iniciativas de mellora, asegurando a transparencia nos procesos e nos resultados, así como a difusión destes nos distintos grupos de interese.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Psicoloxía marca como principal meta o desenvolvemento de programas formativos actualizados e socialmente relevantes, que estean avalados por unha xestión de calidade, a través dos seguintes obxectivos:

- Planificar os seus estudos facendo o uso máis eficaz posible dos recursos, humanos e materiais, dispoñibles.
- Garantir o desenvolvemento dos programas formativos cunha orientación ao estudiantado, manifestada con actividades de orientación ao inicio, durante e ao final dos estudos, coa atención á diversidade e necesidades especiais, coa oferta de actividades para a consecución de competencias transversais e co fomento das prácticas externas e da mobilidade.
- Atender á mellora das condicións dos distintos colectivos de traballadores que conforman a Facultade, impulsando unha dotación de persoal suficiente, así como o adecuado recoñecemento da súa actividade, fomentando a formación continuada do profesorado e do PAS, e facilitando, na organización do traballo, a conciliación entre a vida persoal e a laboral.
- Asegurar a calidade nos recursos materiais e servizos, mediante un adecuado mantemento e renovación de equipos e instalacións que permitan estar ao nivel requirido polos programas formativos en canto a equipamento científico, TIC, novos recursos para a aprendizaxe, atención aos protocolos de prevención de riscos e seguridade laboral, así como ás necesidades relativas á accesibilidade e integración de persoas con necesidades especiais.
- Utilizar a avaliación e seguimento dos resultados da formación e do sistema de garantía de calidade para a actualización e mellora dos procesos formativos, mediante a análise da consecución dos resultados da aprendizaxe, a adecuación das competencias ao exercicio profesional, a satisfacción dos grupos de interese, a análise da eficacia dos procedementos e as incidencias e suxestións dos grupos de interese.
- Garantir a dispoñibilidade pública de toda a información relevante para os grupos de interese en relación coa oferta formativa da Facultade, co fin de facilitar a toma de decisións informada e de posibilitar a súa participación nos procesos de mellora.

#### DECLARACIÓN DO COMPROMISO DE CALIDADE <sup>i</sup>

A *Facultade de Psicoloxía* é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico 2021/22) a *Facultade* elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A *Facultade de Psicoloxía* quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A *Facultade* dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a *Facultade de Psicoloxía* adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

**Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

**Integración, participación e igualdade:** esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da *Facultade* a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

**Orientación ao alumnado:** este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.

**Excelencia:** o traballo desta *Facultade* realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.

**Transparencia:** Esta *facultade* basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta *Facultade* adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a subscribe este documento de política de calidade o día 21 de abril de 2023

A Decana da Facultade de Psicoloxía

M<sup>a</sup> José Sampedro Vizcaya

---

<sup>i</sup> Manual do SGC (Anexo I Política de Calidade): *A política de calidade debe ser redactada pola Comisión de Calidade do Centro e asumida polo seu Equipo de Dirección, para o cal será asinada e daráselle a difusión establecida no proceso de información pública. Figurará como Anexo ao Manual de Calidade e de forma visible nas canles de comunicación establecidas no proceso de información pública. Sempre que se aprobe un novo plan estratéxico deberá revisarse a política para incluír a misión, visión e valores establecidos no novo PE. Cando hai cambios no equipo de dirección dos centros, o novo equipo debe subscribir a nova política e darlle difusión a través da páxina web. Para os centros que están en proceso de elaboración do seu plan estratéxico, recóllese unha declaración xenérica que deberá ser adaptada á misión, visión e valores de cada centro antes de proceder á súa sinatura e difusión, de acordo co proceso de información pública.*

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE SAMPEDRO VIZCAYA, DECANO A DA FACULTADE DE PSICOLOXIA,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/04/2023 12:26:20.

**CSV:** 0CC3-1C48-4940-8966